

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

*EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA,
DO 16 DE XULLO DE 2021, POLO QUE SE CONVOCAN AXUDAS A ESCOLAS DE
MÚSICA DEPENDENTES DE ASOCIACIÓN S EN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2021*

BDNS(Identif.):579251

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones:

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/579251>)

1. Entidades beneficiarias

As escolas de música dependentes de asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a formación musical e estean radicadas na provincia de Pontevedra, que contén coa correspondente autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao final do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

2. Obxecto

Subvencionar os gastos correntes e de persoal necesarios, durante o ano 2021, no desenvolvemento das súas actividades docentes, das escolas de música dependentes das asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a formación musical e estean radicadas na provincia de Pontevedra.

3. Lexislación aplicable

Bases de subvencións aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra do 16 de xullo de 2021, Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2021, Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións e a demais lexislación aplicable

4. Contía

80.000,00 €.



Mércores, 11 de agosto de 2021

Núm. 153

5. Prazo de presentación

Empezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e rematará o 30 de setembro de 2021.

6. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>, procedemento SIA 1662887). Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, en modelo normalizado e tal como figura na base quinta.

- Durante a tramitación deste procedemento todos os trámites administrativos deberán efectuarse electronicamente a través do modelo “Instancia xenérica” dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

- Notificacións: practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común

- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva

- Criterios de valoración: os establecidos na base décima da convocatoria

- Gastos subvencionables: gastos correntes e de persoal

- Compatibilidade: si

- Forma de pagamento: transferencia

- Forma de xustificación: mediante a presentación de facturas, da conta xustificativa dos gastos na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada na que se poña de relevo que os gastos que figuran nela se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda e a acreditación da debida difusión, nos termos previstos na base décimo segunda da convocatoria.

- Prazo máximo de xustificación: 28 de febreiro de 2022

Pontevedra, 21 de xullo de 2021.

A presidenta.–María del Carmen Silva Rego.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: EV5WQXVQXWHMYWFX

